

Estimado amigo / Estimada amiga:

Dende a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar seguimos apostando polo fomento do cooperativismo a través da Rede Eusumo, programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo. En consonancia temos programado no mes de xuño a celebración de distintas accións que se enmarcan dentro das actividades organizadas pola Rede Eusumo no seu plan de actuación 2015.

Neste contexto a Rede Eusumo promove 4 módulos formativos gratuítos en formato blended – learning (formación mixta: en liña – presencial) relacionados co emprendemento e a consolidación de empresas cooperativas.

Cada un dos catro módulos permitirán aos asistentes percorrer catro escenarios crave no proceso de constitución e maduración dun proxecto empresarial cooperativo:

- **Módulo 1:** Descubrindo a túa Creatividade: xerando ideas de negocio cooperativo.
- **Módulo 2:** Desenvolvendo o teu proxecto cooperativo.
- **Módulo 3:** O proceso da innovación na cooperativa. Da teoría á práctica.
- **Módulo 4:** A internacionalización nas cooperativas: Saíndo aos mercados exteriores.

Cada módulo terá unha duración estimada de 20 horas, combinando formación presencial (4 horas) con formación en liña titorizada (16 horas) de forma individualizada.

Este programa formativo vai dirixido a aquelas persoas interesadas en emprender baixo a fórmula cooperativa e a cooperativas existentes que queren consolidar os seus proxectos empresariais.

Sería un pracer contar co seu apoio na difusión destas actividades, para garantir a maior repercusión posible, contribuíndo así a impulsar o autoemprego na nosa comunidade a través da fórmula cooperativa. Achegámoslles a respectiva documentación dos eventos.

Para calquera cuestión, pode poñerse en contacto con nós no teléfono 981558008 ou no enderezo [info@eusumo.coop](mailto:info@eusumo.coop).

Para máis información, visite as web:

[www.eusumo.coop](http://www.eusumo.coop)

[www.cooperativasdegalicia.com](http://www.cooperativasdegalicia.com)

Reciba un cordial saúdo

Carmen Bouso Montero  
**Directora Xeral de Traballo e Economía Social**